

SEVILLA MUÑOZ, Julia e BARBADILLO DE LA FUENTE, M.<sup>a</sup> Teresa (2021): *El mínimo paremiológico español*. Madrid: Instituto Cervantes / Centro Virtual Cervantes / Biblioteca fraseológica y paremiológica, ISBN: 978-84-09-31657-1, 215 páxinas.



Preto de 300 unidades son as que constitúen o repertorio do mínimo paremiolóxico español, segundo Julia Sevilla e M.<sup>a</sup> Teresa Barbadillo en *El mínimo paremiológico español* (MPE), traballo publicado en formato dixital como volume nº 2 da serie «Mínimo paremiológico» da Biblioteca fraseológica y paremiológica do Centro Virtual Cervantes ([https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca\\_fraseologica](https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica)).

A parte central do volume está organizada en catro capítulos que abordan o mínimo paremiolóxico español como obxecto de estudo (capítulo 1), as súas aplicacións (capítulo 2) e dúas listaxes das unidades que constitúen o catálogo acadado: unha por orde alfabética (capítulo 3) e outra organizada en función da frecuencia de uso (capítulo 4). Despois do apartado de referencias bibliográficas, completan a obra un par de índices (léxico e temático)

que permiten acceder ao corpo central das paremias (capítulo 3) dende outros criterios de busca.

O primeiro capítulo, “Objeto de estudio: el mínimo paremiológico español”, é de carácter teórico e metodolóxico. A partir dunha perspectiva histórica, considera as propostas de distintos repertorios paremiográficos e dá conta do tratamento outorgado ás paremias en distintas obras lexicográficas. Co propósito tamén de emendar as carencias observadas, as autoras queren reforzar os trazos definitorios das paremias e, ao mesmo tempo, determinar cales son os mellores criterios para a identificación, selección, organización e clasificación das distintas unidades.

Na elaboración do corpus, as autoras parten de fontes orais e escritas, así como da experiencia individual e colectiva de distintos investigadores da disciplina, que tamén se ven implicados na recolleita de unidades paremiolóxicas. Establecen 1960 como inicio da vixencia dos datos e os resultados obtidos, que despois de quince anos de traballo deben considerarse con flexibilidade “dado que la investigación se ha dilatado en el tiempo y desde entonces se ha producido una gran evolución en el uso” (p. 30). Metodoloxicamente, a realización de enquisas (a preto de 3000 persoas amigas, familiares e coñecidas) e o emprego de técnicas estatísticas son as principais vías para medir a competencia paremiolóxica activa.

As paremias que aparecen nun 60 % das enquisas realizadas son as que se postulan para o MPE e, despois de comprobar a súa vixencia na escrita e na fala, as autoras establecen un repertorio final de 298 unidades mínimas. Nel coexisten paremias de procedencia coñecida e uso preferentemente culto, constituídas por proverbios e aforismos (*Los últimos serán los primeros; ¿Quién le pone el cascabel al gato?*) e paremias de orixe

anónimo e uso popular, formadas por refráns, frases proverbiais, dialoxismos e locucións proverbiais (*Gato escaldado, del agua fría huye; La cara es el espejo del alma; Le dijo la sartén al cazo: '¡Quítate de ahí, que me tiznas!'; Tirar la piedra y esconder la mano*). As primeiras, de carácter culto, acadan un 5,71% (17 unidades) do MPE. As segundas, de carácter popular, son as máis salientables, pois sustentan o 94,29% (281 unidades) do MPE.

Baseándose en traballos anteriores, as autoras fan uso de 16 campos semánticos para agrupar as paremias do MPE: as idades humanas, o físico, a mesa, o traballo, o comportamento humano, o intelecto, os estados da alma, as dificultades da vida, as relacións humanas, a comunicación, a economía, os desprazamentos, o tempo, o espazo, a relixión e o exército. Arredor destes campos semánticos, aparecen uns subcampos ou ideas clave (175) ás que quedan asignadas as distintas unidades do repertorio e constitúen a listaxe do “Índice temático das paremias do mínimo español” do final.

O volume emprega tamén una tipoloxía de carácter pragmático para dar conta da intención das unidades do MPE. Así, sobresaen as unidades de carácter estimativo (40,5%), asertivo (31%), persuasivo (27,5%) e irónico (25%). Son menos as de tipo declarativo (15%), disuasorio e predictivo (9,5% en cada caso).

No que atinxe ao estudo da estrutura formal das paremias integrantes no repertorio do MPE, o volume atende os elementos léxicos e a organización sintáctica. Así as paremias de carácter popular amosan a presenza de arcaísmos en verbos y substantivos (*Donde fueres, haz lo que vieres; Hasta el cuarenta de mayo, no te quites el sayo*), elisión de compoñentes (*En casa del herrero, cuchillo de palo*) e a repetición de substantivos ou adxectivos (*Al pan, pan y al vino, vino; A grandes males, grandes remedios*). A meirande parte das frases proverbiais son unimembres (*La avaricia rompe el saco*) e nos refráns predominan as estruturas bimembres de distinto tipo: de modalidade enfática con sintagma preposicional anteposto (*A caballo regalado no le mires el diente*), con oracións de relativo en función de suxeito (*Quien mucho abarca poco aprieta*) e con comparacións (*Más vale tarde que nunca*).

O segundo capítulo, “Aplicaciones del mínimo paremiológico español”, dá conta do papel que xoga a paremioloxía en distintas disciplinas como a didáctica de linguas (ensinanza e aprendizaxe do español como lingua materna, lingua segunda e lingua estranxeira), a tradución e a interpretación, a lingüística contrastiva e a etnolingüística. Tamén queda atendida a presenza da paremioloxía nas manifestacións relativas á literatura, á historia, á xeografía e ó medio ambiente, por reflectiren as paremias o saber tradicional sobre as realidades dos seu obxecto de estudo. Con respecto a outros ámbitos do saber, a relación entre a paremioloxía e a medicina recibe unha especial atención no que atinxe ás paremias sobre a saúde e a enfermidade, por un lado, e ás que se poden empregar no tratamento de patoloxías da linguaxe e na terapia ocupacional das persoas maiores con deterioro cognitivo e perda de memoria, polo outro. Tamén na práctica doutras actividades profesionais, en particular en márketing para o estudo dos mercados e a captación de clientes, o MPE vén a ser unha ferramenta de grande utilidade.

O capítulo terceiro, “El mínimo paremiológico en español por orden alfabético”, achega o catálogo con cada unha das 298 paremias que constitúen o MPE. Aparecen ordenadas alfabeticamente (dende *A buen entendedor*; *pocas palabras* ata *Zapatero, a tus zapatos*) e presentan especificacións entorno ás variantes, tipo de paremia, idea(s) clave, intención, observacións de uso e contexto con exemplos documentados. Para os significados, hai que recorrer á consulta en liña do *Refranero multilingüe*, en continua actualización.

No cuarto capítulo, “El mínimo paremiológico en español en función de la frecuencia de uso”, as autoras queren “proporcionar material de interés principalmente para la enseñanza/aprendizaje del español como lengua materna, segunda lengua o lengua extranjera” (p. 237) e presentan as distintas unidades reunidas en tres grupos de número desigual: o primeiro grupo acolle 54 paremias, o segundo 95 e o terceiro 154. Algunhas paremias aparecen en máis dun grupo por ser empregadas parcialmente: *A buen entendedor...* (grupo 1); *A buen entendedor, pocas palabras* (grupo 2); *A buen entendedor, pocas palabras bastan* (grupo 3).

Así, as 54 paremias máis frecuentes do MPE (grupo 1) quedan repartidas en 29 refráns (*A buen entendedor...*; *A caballo regalado...*; *A la tercera va la vencida*; *Al pan, pan y al vino, vino*; *Amor con amor se paga*; *Año nuevo, vida nueva*; *Aunque la mona se vista de seda, mona se queda*; *De noche todos los gatos son pardos*; *De tal palo, tal astilla*; *Dime con quién andas y te diré quién eres*; *El perro del hortelano...*; *El que la hace la paga*; *En boca cerrada no entran moscas*; *En la variedad está el gusto*; *En todas partes cuecen habas*; *Las palabras se las lleva el viento*; *Más vale pájaro en mano que ciento volando*; *Más vale tarde que nunca*; *Mucho ruido y pocas nueces*; *No es oro todo lo que reluce*; *No hay mal que por bien no venga*; *No hay peor ciego que el que no quiere ver*; *Ojos que no ven, corazón que no siente*; *Para muestra, un botón*; *Querer es poder*; *Quien mucho abarca poco aprieta*; *Renovarse o morir*; *Sarna con gusto no pica*; e *Zapatero, a tus zapatos*), 22 frases proverbiais (*El amor es ciego*; *El amor todo lo puede*; *El fin justifica los medios*; *El mundo es un pañuelo*; *El saber no ocupa lugar*; *El tiempo es oro*; *El tiempo lo dirá*; *El tiempo pone a cada uno en su sitio*; *La curiosidad mató al gato*; *La intención es lo que cuenta*; *La unión hace la fuerza*; *Las apariencias engañan*; *Las comparaciones son odiosas*; *Lo barato sale caro*; *Lo prometido es deuda*; *Los tiempos cambian*; *Mañana será otro día*; *Nadie es perfecto*; *Solo se vive una vez*; *Todos los caminos llevan a Roma*; *Un clavo saca a otro clavo*; e *Una imagen vale más que mil palabras*), 1 locución proverbial (*Ir por lana y volver trasquilado*), 1 proverbio (*La fe mueve montañas*) e 1 aforismo (*La suerte está echada*).

Soamente o achado deste breve repertorio de paremias, así como toda a información presentada ao longo do volume, fai que lingüistas, tradutores e intérpretes, docentes, estudantes e demais persoas usuarias da lingua española celebremos este valente e oportuno traballo de Julia Sevilla e M.<sup>a</sup> Teresa Barbadillo, *El mínimo paremiológico español*, importante achega para novas vías de utilización, investigación e conservación desta parte do patrimonio cultural inmaterial que é a paremioloxía.

M.<sup>a</sup> Carmen Losada Aldrey  
Universidade de Santiago de Compostela

